



El Jefe del Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestales de Lugo informa lo siguiente:

1º.- Que el 1 de agosto de 1956 fue aprobado el Consorcio del monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202, que, como perteneciente a la parroquia de Río, habían suscrito el Ayuntamiento de A Fonsagrada y el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Diputación Provincial.

2º.- Que en sesión celebrada el 30 de octubre de 1978 el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, tomó el acuerdo de clasificar como tal el denominado “DE CARBALLOGUIDIN”, perteneciente a la comunidad integrada por los vecinos de Carballoguidin, municipio de A Fonsagrada. Publicado dicho acuerdo en el B.O. de la Provincia, nº 32, del jueves 8 de febrero de 1979, no se presentó ni interpuso recurso alguno contra él, por lo que es firme.

3º.- Que el 21 del mes en curso la Junta Rectora de Carballoguidin, conforme con lo acordado por ésta reunida en Asamblea General el 25 del pasado mes de octubre, acordó a su vez:

- proponer a la Consellería de Medio Ambiente el establecimiento de un Convenio que afecte a las 14 ha de la pertenencia de la comunidad que actualmente forman parte del Consorcio que para el monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202, suscribieron el Ayuntamiento de A Fonsagrada y el Patrimonio Forestal del Estado,

- solicitar de la Consellería que el nuevo monte en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202 y
- autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

4º.- Que en consecuencia, el nuevo monte “DE CARBALLOGUIDIN”, queda constituido por:

14 ha del monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202

5º.- Que el nuevo Convenio tiene por objeto la incorporación del vuelo y obras auxiliares creadas al amparo del Consorcio, la conservación y tratamientos selvícolas de las masas creadas y aprovechamiento, así como las obras y trabajos complementarios y auxiliares concordantes con tales fines.

6º.- Las superficies del monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202, eran:

Superficie total	89 ha
Superficie repoblada	89 ha



Como a los montes que se indican, pasaron la siguientes superficies:

MONTE	Sup. Total	Sup. Repoblada
“De Travesas”, 271-5777	26 ha.	26 ha
“De Arco”, 271-7520	37 ha	37 ha
“A Lastra”, 271-7524	7 ha	7 ha.
“De Travesas”, 271-5777	5 ha	5 ha

Total: 75 ha. 75 ha.
las actuales, son

superficie total 14 ha.
superficie repoblada 14 ha.

Al monte “DE CARBALLOGUIDIN”, pasan la totalidad, es decir

superficie total 14 ha
superficie repoblada 14 ha.

7º.- Gastos por trabajos e ingresos del monte “PEÑA ESCRITA”, LU-2202

Conforme con la certificación que se adjunta, son los siguientes:

a) Gastos por trabajos:

al día 05-12-01:	1.345.101.- Ptas.
pasados al m./ “DE TRAVESAS”, 2715777	392.951.- “
pasados al m./ “DE ARCO”, 2717520	559.199.- “
pasados al m./ “A LASTRA”, 2717524	105.794.- “
pasados al m./ “DE TRAVESAS”, 2715777	75.567.- “
saldo actual:	211.590.- “

al 31-12-1978, año en que se clasificó como en mano común la parte
de la comunidad de Carballoguidin 676.604.- Ptas.



A tener en cuenta según la Disposición Adicional Segunda de la Ley 13/1989, de 10 de octubre:

$\frac{14}{14} \times 211.590.- \text{ Ptas}$	$- \frac{14}{89} \times 676.604.- \text{ Ptas.}$	$\dots\dots\dots 105.158.- \text{ Ptas.}$
---	--	---

b) Ingresos:

al día 05-12-01 (Diputación Provincial y Administración Forestal)	$\dots\dots 934.362.- \text{ Ptas.}$
pasados al m/ "DE TRAVESAS", 2715777	$\dots\dots\dots 272.960.- "$
pasados al m/ "DE ARCO", 2717520	$\dots\dots\dots 376.717.- "$
pasados al m/ "A LASTRA", 2717524	$\dots\dots\dots 71.271.- "$
pasados al m/ "DE TRAVESAS", 2715777	$\dots\dots\dots 56.162.- "$

saldo actual	$\dots\dots\dots 157.252.- "$
--------------	-------------------------------

8º.- Y los gastos que por trabajos, administración y guardería, así como los ingresos, que de las cuentas del Consorcio del monte "PEÑA ESCRITA", LU-2202, pasan a la cuenta del Convenio son :

a) gastos:

Trabajos:	$\dots\dots\dots 105.158.- \text{ Ptas.}$
Administración: $\frac{7,85}{100} \times 105.158.- \text{ Ptas.}$	$\dots\dots\dots 8.255.- "$
Guardería: 14Has. X 1.720 Ptas./Ha.	$\dots\dots\dots 24.080.- "$

TOTAL GASTOS :	$\dots\dots\dots 137.493.- \text{ Ptas.}$
----------------	---



b) ingresos:

14 hás. X 157.252..... 157.252.- Ptas.
14Hás

TOTAL INGRESOS: 157.252.- Ptas.

9º.- Como los ingresos superan a los gastos, la cuenta del Convenio del monte de “CARBALLOGUIDÍN”, se abre con un saldo de cero euros.

Por todo esto, **proponemos:**

PRIMERO.- Que se apruebe el convenio del monte de las siguientes características:

Nombre : **CARBALLOGUIDÍN**

Elenco: 271-5905

Superficie: 14 ha repobladas

Pertenencia: Comunidad de Carballoguidín

Término municipal: A Fonsagrada

Provincia: Lugo

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Interés sobre el anticipo: 1%

Participación de la comunidad en el vuelo creado: 70%

Participación de la Consellería en el vuelo creado: 30%

Saldo inicial del convenio: **cero euros**.

SEGUNDO.- La duración del convenio será de treinta años, cifra obtenida de restar al turno de 75 años los 45 que el monte lleva plantado.

TERCERO.- Que se rescinda totalmente el consorcio del monte de las siguientes características:

Nombre : “PEÑA ESCRITA”



Elenco: LU-2202

Superficie: 14 ha

Pertenencia: parroquia de Río

Término municipal: A Fonsagrada

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2002.

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



Teodoro Arribas Serrano.

Visto e praxe
O Director Xeral de Montes
e Industrias Forestais,



Tomás Fernández-Couto Juanas.

Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente. Santiago de Compostela.-



Con data 17 de decembro de 2001, tivo entrada na Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, expediente remitido pola Delegación provincial da Consellería en Lugo, sobre transformación do consorcio do Monte “Peña Escrita”, LU-2202, nun convenio que afecte a parte pertencente a Comunidade veciñal de Carballoguidín, propietaria do Monte Veciñal en Man Común “DE CARBALLOGUIDÍN”, con nº de Elenco 2715905, cunha superficie de 14 has. procedentes do citado Monte Peña Escrita, e sito no Termo Municipal de A Fonsagrada (Lugo),

Vista a certificación de data 26 de novembro de 2001, así como o informe de 5 de decembro de 2001, amboaldous da Xefatura de Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, no que se manifestan os seguintes extremos:

- Que con data 21 de decembro de 2001, a Xunta Rectora de Carballoguidín conforme o acordado pola comunidade veciñal reunida en Asemblea Xeral celebrada o 25 de outubro de 2001, acorda a su vez, propoñer a Consellería de Medio Ambiente o establecemento dun convenio que afecte as 14 has. da pertencencia da comunidade que forman parte do consorcio que para o monte Peña Escrita suscribiron o Concello de A Fonsagrada e o Patrimonio Forestal do Estado,
- Que a conta do novo convenio do monte “DE CARBALLOGUIDÍN” se abra cun saldo de 0 pesetas
- Asimesmo, proponse a aprobación dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade de Carballoguidín, propietaria de Monte Veciñal en Man Común “DE CARBALLOGUIDÍN”, cunha superficie de 14 has, e a cancelación do consorcio do Monte “Peña Escrita” con nº de elenco LU-2202, propiedade da parroquia de Río, Concello de A Fonsagrada,

Vistas as disposicións legais de aplicación, e en concreto, o Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Montes, así como a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a súa execución.

Esta Sección Xurídica **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude formulada, e que, en consecuencia, sexa aprobado o Convenio de Monte Veciñal en Man Común “DE CARBALLOGUIDÍN”, propiedade da Comunidade de Carballoguidín, que afectaría a 14 has., e que, en consecuencia se cancele o consorcio do Monte “Peña Escrita”.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2002.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

Asdo.: M^a José Tato Rocha.



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola súa sección xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aproba-lo convenio do montes coas seguintes características:

Nome : **CARBALLOGUIDÍN**

Elenco: 271-5905

Superficie: 14 ha repoboadas

Pertenza: Comunidade de Carballoguidín

Concello: A Fonsagrada Provincia: Lugo

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **cero euros.**

SEGUNDO.- A duración do convenio será de trinta anos, cifra obtida de restar ó turno de 75 anos os 45 que o monte leva plantado.

TERCEIRO.- Que se rescinda totalmente o consorcio do monte das seguintes características:

Nome : “**PEÑA ESCRITA**”

Elenco: LU-2202

Superficie: 14 ha

Pertenza: parroquia de Río

Concello: A Fonsagrada


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a



contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2002.

O CONSELLEIRO
(por Orde do 12-01-98)
O Secretario Xeral,

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'José Luis Aboal García-Tuñón'.
José Luis Aboal García-Tuñón.



Ilmo. Sr. Director Xeral de Montes e Industrias Forestais.
Santiago de Compostela.-

C O N V E N I O

N.º	271	5905
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a trinta de abril de dous mil dous ~~de mil novecentos~~
~~noventa e~~

R E U N I D O S

Dunha banda, D. José Carlos del Álamo Jimenez, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. José López Fernández como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE CARBALLOGUIDÍN", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 1 de agosto de 1.956 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Carballoguidín, parroquia de Freixo, no termo municipal de A Fonsagrada.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE CARBALLOGUIDÍN"

Termo municipal: A Fonsagrada

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal Monte veciñal en man común pertencente a comunidade integrada polos veciños do lugar de Carballoguidín, parroquia de Freixo, no termo municipal de A Fonsagrada.

Límites:

N.: Termo municipal de Baleira.

L ☒: Propiedades particulares.

SXX: Monte "DE TRAVESAS", 2715777.

O.: Termo municipal de Baleira.

Superficie: CATORCE (14,- HAS.) Hectáreas.

Estado forestal: 14,- Hectáreas repoboadas.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 14,- Hectáreas.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: - - - - -

3ª.- O chan continuará pertencendo a comunidade integrada polos veciños do lugar de Carballoguidín, parroquia de Freixo, termo municipal de A Fonsagrada.

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 14,- Hectáreas do monte "PEÑA ESCRITA", LU-2202.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de TRINTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se asigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Medio Ambiente se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- ~~Aspecies utilizadas para a repoboación forestal obxecto deste convenio serán~~ O monte está repoboado con P. sylvestris.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "**DE CARBALLOGUIDÍN**", **pertencente ós veciños do lugar de Carballoguidín, na parroquia de Freixo do concello da Fonsagrada – Rexistrados coa data do 19 de novembro de 2001 co número 0777.**

2.—Que, así mesmo, figura Don JOSÉ LÓPEZ FERNÁNDEZ, e Don FRANCISCO FERNÁNDEZ GÓMEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica (elixida coa data do 25 de outubro de 2001).

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 22 de novembro de 2001.



Don Francisco Fernández Gómez, Secretario da comunidade de Carballoguidín, termo municipal de A Fonsagrada.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 25 de outubro do ano 2.001 estando designado Don José López Fernández, Presidente, representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Carballoguidín (A Fonsagrada), a vindeu de novembro de XXXX ~~XXXX~~ ~~XXXX~~ ~~XXXX~~ do ano dous mil un.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

José López

O PRESIDENTE,

Francisco Gómez

Asdo.: José López Fernández

Asdo.: Francisco Fernández Gómez.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

José López



Asdo.: José Luis Aboal García-Tufión

D. José López Fernández
D. Francisco Fndez. Gómez
D. José Ramón Alvarez López
D^a Herminia Fndez. Iglesias

En lugar de Carballoguidin, municipio de Fonsagrada, siendo las once horas del día 21 de Noviembre del año 2001, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Carballoguidin, cuya relación figura al margen.

Conforme con el acuerdo adoptado por la Comunidad citada, en Asamblea General celebrada el 25 de octubre del año en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a establecer con la Consellería de Medio Ambiente que incluyan exclusivamente, las 14 has de la pertenencia de la Comunidad, que actualmente forman parte del Consorcio que para el monte "PEÑA ESCRITA", LU-2202, suscribieron el Ayuntamiento de Fonsagrada y el Patrimonio Forestal del Estado el 1 de Agosto de 1956.

2º.- Solicitar de la Conselleria que el Convenio que se propone, en la parte que le afecta anule y sustituya al Consorcio del monte "PEÑA ESCRITA" LU-2202.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra la presente Acta, que firman de conformidad

Truncado

Comisario Jonds

Jose Lopez

Jose Ramón Alvarez